

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2005

Ás 10 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, na Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **ANEXO II**. Desculpan a súa ausencia D. Juan Freire Botana, a secretaria xeral e a vicerreitora de Organización Académica.

1. INFORME DO REITOR

O reitor comunica que actúa como secretario o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa na sesión de hoxe do Consello de Goberno.

O reitor informa sobre a reunión da CRUE e sobre o Consello Galego de Universidades, as dúas tiveron por obxecto dar a coñecer as modificacións da LOU.

Informa de que o borrador da Lei orgánica de modificacións da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, se atopa publicado na páxina web da Universidade.

A continuación, brevemente, informa sobre a posta en marcha de posgraos, cuxa implantación total está prevista para 2012. Preténdese facer unha experiencia piloto para o vindeiro curso e por isto estanse a contemplar 4 ou 5 posgraos por universidade no SUG. Proximamente a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia da Xunta de Galicia redactará unha circular en colaboración cos vicerreitores que levan este tema para servir de orientación á hora de elaborar as propostas de posgraos.

O reitor dá a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa da concesión de fondos FEDER no período 2005-2007.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Estudantes, quen informa da resolución da convocatoria de bolsas Cátedra Fundación María José Jove, dos Premios UDC á excelencia académica no bacharelato e da convocatoria de Bolsas UDC para a colaboración nos departamentos universitarios e para a colaboración en tarefas bibliográficas.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Profesorado que informa das prazas que foron convocadas polo procedemento de urxencia (**ANEXO III**).

O reitor informa dos cesamentos e dos nomeamentos que se produciron despois do último Consello de Goberno (**ANEXO IV**).

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa da convocatoria de nove bolsas Líder-FADESA. Esta convocatoria ten un

prazo de solicitude que vai do 27 de outubro ao 16 de novembro. Informa tamén de que está aberta unha nova convocatoria para cubrir unha praza no Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica da UDC ata o día 18 de novembro, de que se completou o programa de actividades da Cátedra de Responsabilidade Social Corporativa INDITEX, e da homenaxe académica que a UDC tributará a Ángeles Alvariño, oceanógrafa ferrolá de gran prestixio internacional recentemente falecida. A homenaxe realizarase no salón de actos do campus de Esteiro de Ferrol o vindeiro 17 de novembro ás 19:30 h.

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa de que, desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2004 por importe de 48 191,73 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base 9ª.2 do orzamento, e logo dos informes favorables do Servizo de Intervención. Pola súa parte, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, consonte o parágrafo segundo da base 9ª.2 do orzamento, e logo dos informes favorables do Servizo de Intervención, validou expedientes de gasto e a súa correspondente imputación a créditos de 2005 de obrigas xeradas por importes de 464 464, 04 euros na súa sesión do 28 de setembro e de 239.750,33 euros na do 2 de novembro.

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación quen informa do veredicto do II Premio Luísa Villalta para iniciativas normalizadoras na Universidade da Coruña, con dúas modalidades, artigo xornalístico e deseño dunha campaña de promoción da lingua galega. Este ano a convocatoria foi conxunta entre as tres universidades galegas. A relación de gañadores figura na páxina web da universidade. O mesmo vicerreitor informa da constitución de comisións de normalización lingüística nos centros de Dereito, de Ciencias, de Ciencias da Educación, de Filoloxía, de Informática e na ETS de Arquitectura. Asemade, salientou o desenvolvemento da Escola de Música, dedicada á comunidade universitaria e a familiares directos, e da clausura do I Ciclo de concertos didácticos, desenvolvido entre os días 15 de outubro e 5 de novembro, con moi boa acollida do público.

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa da reunión que mantivo coa conselleira de Vivenda relativa á área residencial universitaria, do estado das negociacións co Concello de Ferrol sobre a residencia universitaria e da modificación feita polo Concello do PXOUM. Informa tamén do previsto carril de bicicleta e das negociacións con RENFE.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea que informa de que xa se dispón dos resultados globais relativos á avaliación docente que se publicarán na páxina web da UDC, da avaliación dos distintos servizos da UDC, de que está posto na páxina principal da web institucional a caixa relativa ás suxestións, ás queixas e ás felicitacións, do estado do Centro de Linguas, e da situación do CAP.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2005

Apróbase por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 21 de setembro de 2005.

3. APROBACIÓN DE CONTRATOS E CONVENIOS

O vicerreitor de Ferrol informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO V**.

Os convenios **apóbanse** por asentimento.

4. ELECCIÓN DUN REPRESENTANTE DO CONSELLO DE GOBERNO NO CONSELLO SOCIAL POLO SECTOR DE ESTUDANTES

O reitor informa de que o 20 de setembro de 2005 presentou a renuncia como membro do Consello de Goberno D.^a María Dolores Rodríguez Amoroso, quen fora elixida representante dos estudantes no Consello Social, polo que procede elixir outra persoa. Propón seguir o calendario que se achegou coa convocatoria.

Preséntanse como candidatos, e así resultan proclamados definitivamente, D.^a Tamara Canosa Ferrio e D. Gael González Veira. Unha vez que tivo lugar a votación resulta proclamada definitivamente como candidata electa D.^a Tamara Canosa Ferrio, o que se comunicará ao Consello Social.

5. ELECCIÓN DUN PROFESOR COMO MEMBRO DA COMISIÓN DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE DO PLANO ESTRATÉXICO

O reitor sinala que o pase á situación de servizos especiais de D. Carlos Suárez-Mira Rodríguez obriga a substituílo na Comisión de Relacións coa Sociedade do Plano Estratéxico. Propón seguir o calendario que se achegou coa convocatoria.

Preséntase como candidato único, e así resulta proclamado definitivamente, D. Jorge Dopico Calvo. Ante a ausencia doutros candidatos resulta proclamado definitivamente como candidato electo.

6. TRANSFERENCIAS ENTRE CAPÍTULOS DE ORZAMENTOS

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que, de acordo coa base 9^a.1 do orzamento, en que o Consello Social delega no Consello de Goberno as transferencias de crédito de gastos correntes a gastos de capital, sométese á consideración do Consello a aprobación dunha transferencia do capítulo 4 dos orzamentos ao capítulo 6.

Apróbanse por asentimento estas transferencias.

7. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA PRIMEIRA EDICIÓN DE PREMIOS UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á EXCELENCIA ACADÉMICA NO BACHARELATO

O vicerreitor de Estudantes informa sobre a proposta de resolución da concesión da primeira edición de Premios Universidade da Coruña á excelencia académica no bacharelato.

A continuación prodúcese un debate en que participan os Sres. Cao Abad, Vidal Romaní, Casabella López, Fernández Cervantes, Soraluze Blond, o vicerreitor de Estudantes e o reitor, relativo a posibles melloras no futuro das bases da convocatoria.

A resolución, que se contén no **ANEXO VI**, **apróbase por asentimento**.

8. PRAZAS DE PROFESORADO

O vicerreitor de Profesorado informa sobre as necesidades que obrigan á convocatoria dunha praza de profesor titular de universidade para a Área de Enxeñaría Telemática e de dúas prazas de profesor titular interino de universidade para as áreas de Enxeñaría Telemática e Filoloxía Galego-Portuguesa, todas informadas favorablemente pola COAP na reunión de 26 de outubro de 2005.

Apróbase por asentimento a convocatoria de prazas de profesorado que se atopa no **ANEXO VII**.

9. RENOVACIÓN DE PROFESORES EMÉRITOS

O vicerreitor de Profesorado informa sobre a proposta de renovación dos profesores eméritos.

Apróbase por asentimento a renovación de contrato de emérito de D. José Luis Meilán Gil, así como a non renovación de D. Ramón de Vicente Vázquez.

10. LICENZAS E COMISIONS DE SERVICIOS

O vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de licenza de D. Valentín Escudero Carranza.

Apróbase, por asentimento, a licenza solicitada.

11. APROBACIÓN DO TRIBUNAL PARA O CONCURSO DE ACCESO

O vicerreitor de Profesorado informa sobre a necesidade de aprobar a comisión titular e suplente que xulgará o concurso de acceso de praza do profesor titular de universidade na área de coñecemento de Dereito Internacional Privado, e sinala que o Consello do Departamento de Dereito Privado fixo unha proposta que se atopa no **ANEXO IX**.

Esta proposta **apróbase por asentimento**.

12. CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE DOUS DEPARTAMENTOS

O vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa sobre as solicitudes de cambio de denominación dos seguintes departamentos:

- Cambio de denominación do Departamento de Didácticas Especiais polo de Departamento de Didácticas Específicas (que foi aprobado no Consello de Departamento o 5 de maio de 2005).

- Cambio de denominación do Departamento de Pedagogía e Didáctica das Ciencias Experimentais polo de Departamento de Pedagogía e Didáctica (que foi aprobado no Consello de Departamento o 25 de febreiro de 2004).

Apróbbase por asentimento o cambio de denominacións.

13. BAREMO DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

A vicerreitora de Investigación informa sobre o procedemento para a elaboración da proposta de baremo de produción científica que se trae ao Consello de Goberno.

Interveñen a continuación para expresar os seus parabéns polo proceso que se seguiu os Sres. Vidal Romaní e Casabella López. O Sr. González López pide que se promova o emprego do galego tamén no ámbito científico. O Sr. Soraluze Blond suxire diversas modificacións ao baremo.

O baremo de produción científica, que se atopa no **ANEXO X**, xa cos cambios que se suxeriron e que se aceptaron na reunión, **apróbbase por asentimento**.

14. REGULAMENTO DO SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

A vicerreitora de Investigación informa sobre o procedemento para a elaboración do regulamento do Servizo de Apoio á Investigación, que foi aprobado por unanimidade pola Comisión coas persoas usuarias.

O regulamento do Servizo de Apoio á Investigación, que se atopa no **ANEXO XI**, **apróbbase por asentimento**.

15. REDUCIÓN DOCENTE DO/A DIRECTOR/A DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

A vicerreitora de Investigación informa de que, consonte o disposto no artigo 87 dos Estatutos, que regula a exención ou a redución das obrigas docentes dos cargos académicos de reitor, de vicerreitor, de secretario xeral, de director de centro e de departamento e dos demais cargos académicos de centro e de departamento, “calquera outra situación especial que implique exención de obrigas docentes deberá ser decidida polo Consello de Goberno e non poderá superar un cuarto das horas lectivas”. Inclúese o/a director/a dos Servizos de Apoio á Investigación nesta última categoría e propónse concederlle unha redución de obrigas docentes dun cuarto das horas lectivas.

A redución dun cuarto das horas lectivas ao/á director/a dos Servizos de Apoio á Investigación **apróbese por asentimento**.

16. MÁSTERS E CURSOS DE POSGRAO

O vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa sobre as modificacións propostas nos másters en Estudos Teatrais e nos cursos de posgrao en Economía Forense e en Auditoría de Contas, así como sobre a implantación dos másters en Xénero e Políticas de Igualdade e en Xestión da Innovación e do curso de posgrao en Xénero e Políticas de Igualdade.

Ábrese un debate en que participan os Sres. Casteleiro Maldonado, López Fernández, González López, o vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea e mais o reitor acerca do emprego da palabra máster neste momento, e acórdase, para evitar confusións, nomealos máster propio. Ao mesmo tempo, pregúntaselles polas propostas realizadas xa de posgraos. O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea informa de que a día de hoxe hai 34 ou 35 peticións.

A Sra. López Fernández indica que non lle parece oportuno que se aproben novos másters agora, polo que quere que conste a súa abstención na votación acerca deste punto.

As modificacións e as novas implantacións, cuxos detalles se atopan no **ANEXO XII**, **apróbense por asentimento**, coa abstención que antes se sinalou.

17. ADHESIÓN DA UDC Á CANDIDATURA DA TRADICIÓN ORAL GALAICO-PORTUGUESA COMO PATRIMONIO INMATERIAL DA HUMANIDADE (UNESCO)

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación informou da proclamación, o vindeiro 25 de novembro, pola Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO, de obras mestras do patrimonio oral e inmaterial da humanidade, que contempla especialmente aquelas en risco de desaparición. Para este fin, propúxoselle ao Consello de Goberno o apoio da nosa universidade á candidatura da tradición oral galaico-portuguesa. O texto presentado, que figura de seguido, foi **aprobado por unanimidade**: “A Universidade da Coruña, como institución vinculada e comprometida co seu contorno cultural, social e económico, contempla co maior interese e simpatía a candidatura da tradición oral galaico-portuguesa como patrimonio inmaterial da humanidade (UNESCO). Sumámonos así á promoción da candidatura xunto con outras institucións da eurrrexión galego-portuguesa, convencidos da necesidade de preservarmos este factor de identidade común para as xeracións futuras, non soamente polo seu incontestable valor cultural, mais tamén polas posibilidades de afondamento na colaboración e na promoción socioeconómica de ambas as comunidades irmás”.

18. SOLICITUDE DE ALTA DA UNIVERSIDADE SÉNIOR NA AEPUM

O vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa de que a directora da Universidade Sénior achegoulle á vicerreitora de Organización Académica a petición de alta da Universidade Sénior na Asociación Española de Universidades de Maiores (AEPUM). Entre a documentación requirida para darse de alta nesa asociación é necesario o acordo do Consello de Goberno.

Aprobose por unanimidade.

19. CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DOS POSTOS DE XEFE DE SERVIZO VACANTES NA RPT DESTA UNIVERSIDADE

O xerente informa sobre a existencia de prazas vacantes de xefe de servizo na RPT da Universidade da Coruña. Sinala que a convocatoria e as bases foron informadas pola Xunta de Persoal Funcionario.

O Sr. Rilo pide que se siga falando, de cara aos novos concursos, do punto en que non houbo acordo que é o do desagregamento das actividades relativas á antigüidade.

A convocatoria e as bases do concurso para a provisión dos postos de xefe de servizo vacantes na RPT desta Universidade, que se atopa no **ANEXO XIII**, **apróbbase por asentimento.**

20. APROBACIÓN DOS REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO DA EU DE RELACIÓNS LABORAIS (FERROL), DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN E DOS DEPARTAMENTOS DE ECONOMÍA APLICADA I E REPRESENTACIÓN E TEORÍA ARQUITECTÓNICAS

O vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa de que as respectivas xuntas de centro e os consellos de departamento aprobaron os proxectos de regulamento de réxime interno que foron sometidos ao informe da Asesoría Xurídica, a cal os emitiu favorables.

Os regulamentos de réxime interno da EU de Relacións Laborais (Ferrol), da Facultade de Ciencias da Comunicación e dos Departamentos de Economía Aplicada I e Representación e Teoría Arquitectónicas, que se recollen no **ANEXO XIV**, **apróbbase por asentimento.**

21. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Fernández Cervantes solicita que se informe sobre que centros pediron posgraos. O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea dálle a relación de centros.

O Sr. García Camba solicita información sobre o estado da concesión da cafetería e do comedor da E. T. S. de Arquitectura, pregunta pola data de finalización da concesión e pide unha reformulación. O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental infórmao do procedemento relativo ás concesións de servizos a empresas privadas.

A Sra. López Fernández pide que se revise a sinalización dos campus, especialmente a da Zapateira.

O reitor indica que existe a posibilidade do soterramento das liñas eléctricas que están próximas á Facultade de Filoloxía e que hai que seguir explorando esta posibilidade.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:40 horas.